

O amor pode estar sobrevalorado, pero que é o amor? É unha emoción que pode presentarse en forma de parellas, familias, entre amigos, compañeiros de traballo ou estudo, cunha mascota ou inclusive cun artista, pero ninguén nos da unha definición exacta do que é.

Eu o clasificaría como un conxunto de hormonas actuando nun momento e según con que individuos, traicionando ó cerebro e alterando calquera tipo de pensamento. Pero non ten porque verse mal, quero dicir, non é algo que nos cegue, só nos fai ver ás persoas dende un punto de vista diferente.

E aínda lembro aquela noite na que te invitei a saír, decidimos parar nun dos parques máis recoñecidos da nosa cidade. As estrelas e unha resplandecente lúa podían apreciarse con claridade, estabamos tumbados un a carón do outro, comendo esa comida que estiveras toda a tarde cociñando.

—Creo que este é o meu lugar preferido— foi o que dixeches, alzando a vista para observar o gran espazo enriba de nós.

Asentín case sen prestar atención ao que arredor de nós sucedía, só a ti te prestaba atención, analizaba cada expresión e cara que facías, ata un cego vería todo o que os meus ollos dicían sobre ti.

Estaba fascinado coa fora dos teus beizos, de cor rosado e tan grosos que parecían acolchados, pero á vez tan acorde co teu rostro... Debuxaban a curva máis fermosa xamáis vista cada vez que sorrías. Teño que admitir que estaba enamorado de cada lunar que adornaba o teu rostro, creando unha increíble constelación, dende o que estaba enriba do teu beizo superior ata o que se atopaba na punta do teu nariz. Non podo olvidar eses ollos, de color azabache, tan escuros como unha noite de inverno, que se iluminaban cada vez que algo te gustaba e a forma que tiñas de apartar o cabelo da túa cara cando se colaba sobre tu vista e maldicías moitas veces por iso.

Tiña ganas de dedicarte os meus escritos e plasmar a túa beleza neles, quería retratarte e desa forma demostrar o increíble que eras dende os meus ollos; esa bondade que envolvía o teu corazón e a forma que tiñas de alumar unha sala chea de persoas coa túa presenza.

E cada vez estaba máis seguro de que o meu non era atracción como declarara uns meses atrás, cando nos coñecemos. Isto ía máis alá diso, amor? As hormonas actuando pola súa conta?

—Estasme escoitando?— sorriches mentras pasabas unha man por diante da miña cara.

Asentín saíndo do meu trance.

—E entón, que opinas?— mireite sin entender.

—Eh... Si, estoy de acordo contigo.

Soltaches unha gargallada e negaches coa cabeza. —Eres do que non hai, digo que ti es un

idiota e afirmas estar de acordo.

—Perdoa, estaba pensando noutra cousa.

—Non importa, só espero que non me deixes falando soa outra vez.

Asentín e ambos volteamos ao ceo mentres comezabamos unha conversa sobre como lucían as estrelas en particular ese día.

A vida é demasiado corta como para lamentarse, aínda gardo o teu recordo con agarimo, sabendo que pronto volverei a ver os teus fermosos ollos. Tal vez non me recordarás xa que mentres ti partiches de moza, eu o farei xa de vello...